



Resolución reitoral de 25 de agosto de 2025 pola que se resolve a convocatoria dos programas internacionais de mobilidade de formación (STT) do persoal da Universidade da Coruña

Mediante resolución reitoral de 16 de xuño de 2025, establecéronse as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade de formación (STT) de persoal da Universidade da Coruña e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

O 24 de xullo de 2025 publicouse a proposta de adxudicación elaborada pola Comisión de selección, abríndose un prazo de cinco días no que non se presentaron alegacións.

Polo exposto, e en virtude do disposto nas bases reguladoras, esta Reitoría

RESOLVE:

1º) Aprobar a adxudicación de bolsas STT 2025/26 entre as persoas que presentaron as súas solicitudes ata o 24 de xullo de 2025, que se recollen no anexo.

2º) Ordenar a publicación desta resolución e notificarlla ás persoas adxudicatarias por correo electrónico, facéndolles saber que disporán dun prazo de cinco días naturais a partir da súa recepción para formalizar a súa aceptación, e que, unha vez formalizada a aceptación deberán asinar un convenio financeiro coa UDC que lles será remitido pola ORI por correo electrónico.

Contra esta resolución, que pón fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou, potestativamente, un recurso potestativo de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización



ANEXO. Relación de persoas beneficiarias

Nome	Programa	Ano académico.	Centro	PDI/PTXAS	Pais destino	Institución destino	Inicio (data prevista)	Fin (data prevista)	Duración (estancia +viaxe)	Axuda dieta	Axuda viaxe	Bolsa max.
Vázquez Soto, Martín	Erasmus-STT	2025/26	EXI	PTXAS	France	Université Rennes 2	13/10/2025	16/10/2025	6(4+2)	720	309	1029
Piñeiro Otero, María Teresa	Erasmus-STT	2025/26	Facultade Comunicación	PDI	France	Université Rennes 2	13/10/2025	16/10/2025	6(4+2)	720	309	1029
Digón Regueiro, Patricia	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Educación	PDI	Finland	Educrea.fi	24/08/2025	30/08/2025	7(5+2)	840	395	1235
Cotelo Guerra, María Dolores	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Educación	PDI	Finland	EDUCREA.FI	24/08/2025	30/08/2025	7(5+2)	840	395	1235
Méndez García, Rosa María	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Educación	PDI	Finland	EDUCREA.FI	25/08/2025	29/08/2025	7(5+2)	840	395	1235
Luis Gamallo, María Obdulia	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Filoloxía	PDI	France	Université de la Réunion	01/09/2025	05/09/2025	7(5+2)	840	1735	2575
Doval Porto, María Inmaculada	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Educación	PTXAS	Croatia	Veleučilište Baltazar Zaprešić	29/09/2025	03/10/2025	7(5+2)	630	309	939